

OS COTOS

XANEIRO
2022



E o 2022 xa está aquí. É hora de facelo mellor.

Temos un mundo que precisa do evanxeo, porque sen esperanza, sen Boa Nova, todo vai afogando na rutina.

Temos un mundo para coidar, e non pode ser que pase un ano máis sen facermos nada, pois se non medramos na conciencia ecolóxica deixaremos unha terra e un mundo morto para as xeracións videiras.

Temos un mundo que precisa a xustiza da igualdade, e non podemos ser covardes porque segue habendo mulleres que sofren no silencio do fogar.

Temos un mundo que precisa os coidados do rural, porque o rural non pode ser o sempre esquecido. Seremos poucos pero merecemos dignidade.


Temos un mundo que precisa abrir portas e tratar con respecto a quen fuxe deixando fogar e historia, e namais que camiña coas mans baleiras.

Temos un mundo que precisa de feitos, non deixemos de soñalos e poñamos todo da nosa parte. As nosas mans serán necesarias.

Temos un mundo que precisa do 2022 porque o ano pasado deixamos moito sen facer.

**“Tés que ser ti o cambio
que queres ver no mundo”**

Mahatma Gandhi



191 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá

“Un contiño para vivir”**“O neno e o Rei Mago”**

Nunha noite de inverno (24 de Nadal) un neno só e descalzo treme de fame e de frío nunha rúa deserta.

Un home pasa ao seu lado, ao velo detense no paso e viu que só era un neno.

- Señor teño fame e frío.

Quedou o home conmovido e colleuno no colo entre os seus brazos. Sorriu o neno e díxolle:

- Acaso é vostede o Rei Mago?

Claro que si, dixo o home, andaba en busca de Xesús e mira, xa o atopei.

O neno riu e preguntoulle ao seu Rei Mago:

- Que agasallo me trouxeches?

- Despois mostrareiche o agasallo, primeiro debes xantar, véxote morto de fame.

- Porque chora? Dixo o neno

- De alegría por atoparte; es ti o que me agasállache ao atoparte.

Aquel home esa noite fa ao mar a suicidarse.



Atopa a imaxe non repetida.

**SANTO/a PARA O
MES
en xaneiro,
día 1, Xesús**

Nome de orixe hebreu, de “Yehoshua”. É unha composición de Yah (abreviatura de lavé), e oshua (salvar). Significa Deus Salvador.

Nome popularizado a partir da figura de Xesús Cristo, que viviu nos primeiros anos da nosa era. Foi un nome pouco usado nos primeiros tempos do cristianismo por considerarse irreverente o seu uso, pero chegando a ser moi usado na actualidade en España e Latinoamérica. Os catro evanxeos amósannos os principais momentos da súa vida, con palabras e feitos que son Boa Nova.

CONSELLO



**“Tés que ser ti o cambio,
que queres ver no mundo”**

Mahatma Gandhi



Intencións para o ano novo 2022



O Comezo do ano novo é importante, un momento de reflexión e de establecer novas intencións. Este ano gustaríanos dende esta folla abordar algúns cambios que poderíamos facer para comezar o ano sendo mellor e aportando algo a esta vida.



* **Aprender algo novo:** é importante manter o cerebro activo, aínda que sexan cousas fáciles como cociñar algo distinto ou facer xabón ou marmeladas.

* **Relacionarse socialmente:** non importa os amigos que teñas nin si saes moito, senón o importante e a calidade desas relacións sociais e mantelas.

* **O coidado do entorno:** So temos que mirar a noso redor, podemos coidar da natureza, dos animais; utilizar os residuos dunha forma correcta, intentar cambiar o uso do plástico.




* **Coidar o noso corpo:** podemos coidar a dieta, facer exercicio aínda que sexa camiñar de vez en cando, durmir o necesario.



* **Ser paciente e comprensivo contigo e cos demais:** é importante saber que nin somos nin nunca seremos perfectos pero temos a oportunidade de compartir os nosos talentos. Trata aos demais como desexarías que te tratasen.

Unhas palabras do Papa Francisco

Oración que escribiu antes de ser ordenado sacerdote



"Quero crer en Deus Pai, que me ama coma un fillo, e en Xesús, o Señor, que me infundiou o seu Espírito na miña vida para facerme sorrir e levarme así ao Reino eterno da vida. Creo na igrexa. Creo na historia, que foi traspasada pola mirada de amor de Deus e no día da primavera, 21 de setembro, saíume ao encontro para invitarme a seguilo..."

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XANEIRO

DÍA 2	LECTURA	Ef 1, 3-6.15-18	Predestinounos a ser fillos por Xesús
	EVANXEO	Xn 1, 1-5.9-14	E a Palavra fíxose carne en Cristo
DÍA 9	LECTURA	Feit 10, 34-38	Deus acepta a quen practica a xustiza
	EVANXEO	Lc 3, 15-16.21-22	E Xesús foi bautizado no río Xordán
DÍA 16	LECTURA	1 Cor 12, 4-11	Hai diversidade de dons e un mesmo Espírito
	EVANXEO	Xn 2, 1-11	Facede o que El vos diga
DÍA 23	LECTURA	1 Cor 12, 12-14	Somos membros do Corpo de Cristo
	EVANXEO	Lc 1, 1-4; 4, 14-21	Todo o mundo dicía moito ben de Xesús
DÍA 30	LECTURA	1 Cor 13, 4-13	O amor é o meirande don de Deus
	EVANXEO	Lc 4, 21-30	Hoxe cúmprese esta Escritura